

FORASTERA

Lucía Aleñar Iglesias, 2025

1824

ESTREA EN NUMAX: 11.09.2026 | V.O.S.E. | +12 | 97 min

Cata verá como as súas vacacións de verán se ven alteradas pola absurda e repentina morte da súa avoa, que só ela presencia. O seu loito dá un xiro inesperado cando, case sen propoñelo, empeza a facerse pasar por ela. O que comeza como un simple xogo de disfraces acabará desdebuxando os límites entre a realidade e os roles familiares.

«Un descubrimento maiúsculo:
luminoso, fascinante, embriagador»

Carlos Aguiler, [ROGEREBERT.COM](https://rogeribert.com)



Entrevista con Lucía Aleñar Iglesias: «As familias desconfigúranse coa perda dos avós, que pasan desapercibidos pero son un piar estrutural»

Por Elsa Tébar

Hai unha idea que atravesa toda a película: cando perdemos a alguén, non só o lembramos, senón que empezamos a proxectalo sobre os vivos. Cata ve á súa avoa en si mesma, pero o resto da familia tamén participa de diferentes xeitos, nesa proxección. Dalgún xeito hai unha transformación dunha experiencia individual en algo máis colectivo. Era interesante ver como a transformación de Cata estaba a afectar tamén aos demais personaxes e como eles interactúan con esta forma quizais pouco ortodoxa de dó. En realidade, Cata descobre máis sobre ela mesma que sobre a súa avoa; a súa curiosidade inicial polos obxectos e as fotos, todo o xogo de disfraces non destapa unha información relevante sobre Catalina, senón que lle permite achegarse máis á súa familia, a quen antes pode que non tivera moito en conta, como moitos adolescentes.

Cata atravesa o dó apropiándose dos xestos da súa avoa: pon a súa roupa, reproduce a súa voz, cocíña as súas receitas. Nunha etapa da vida na que normalmente un tenta construír unha identidade propia, ela parece facelo habitando a identidade doutra persoa. Interesábache pensar o xogo e a imaxinación como unha forma de elaborar a perda e, ao mesmo tempo, como un camiño cara á construción da propia identidade? Totalmente. Xusto pensabamos en como é ese momento da adolescencia onde estás a buscar referentes constantemente e probando personalidades distintas para ver onde encaixas. Por iso tamén nos interesaba introducir a relación co mozo sueco, que tamén saca á luz cousas que non vemos na casa. Cata é un pouco tramposa, ten algo de camaleónico, porque está nesa idade en que están probando cousas distintas. Cos cambios no uso da lingua queríamos tamén remarcar iso. Non é casualidade que o mozo só fale inglés e que eles dous teñan que relacionarse nunha lingua que non é a materna. Interesábame usar as distintas linguas tamén para darlle ese matiz ao personaxe.

O título, *Forastera*, ten unha resonancia moi particular en Mallorca, onde designa a quen vén de fóra. Pero Cata termina sendo unha forasteira en máis dun sentido: éo porque chega á illa para pasar o verán e tamén porque empeza a ocupar un lugar estraño dentro da súa propia familia... Si, é unha palabra que eu sempre oín, pero cos anos causoume moita curiosidade, porque eu tamén vivo fóra, e toda esta idea de pertencer, de que significa pertencer a un lugar, interesoume moito. A protagonista ten esa conexión, pero de súpeto a familia se desconfigura, como adoita ocorrer cando se perde a unha avoa, que a miúdo é alguén que pasa desapercibida, pero é un piar estrutural. O dó non pasa, é algo que te levas, digamos que aprendes a vivir con iso.

O elemento sobrenatural non responde nunca os códigos clásicos do cinema de pantasmas. A presenza da avoa maniféstase con absoluta naturalidade, integrada na vida doméstica, a través de pequenos xestos e obxectos, como unha luz dun fluorescente que parpadea. Como traballaches esta idea de que o fantástico xurdise do cotián? As pantasmas están aí para os personaxes que necesitan velos e para quen non. Era importante unir de xeito moi casual e cotiá todo este mundo para construír esa idea de como a ausencia crea presenza, tamén porque o teu mundo, dalgún xeito, vaise expandindo emocionalmente. A idea era que a presenza servise como textura emocional do personaxe, mesmo darlle a súa propia luz, que fóra algo luminoso, ou traballar tecnicamente o son, que non é propiamente un son, senón que máis ben esperta todo o que toca.